



# Boletín de Medio Ambiente



## Roteiro do río Xuvia

Concello: Narón

Descrición: Este roteiro, de 9 km de lonxitude, con saída en Muiños de Perfecto e chagada na Ponte de Xuvia, percorre as beiras do Río Xuvia, o principal do concello. É un agradable paseo descendente, entre vexetación, que chega ata a ría de Xuvia, sorteando muíños e demais construcións de carácter fluvial (pesqueiras, presas, pontes...), entre as que destaca con nome propio a fábrica de moeda, no interesante núcleo histórico de Xuvia.

## Noticias

### O turismo obriga a Tailandia a pechar unha das súas baías

As áreas douradas e a auga azul de Baía Maya, rodeada de cantiis na illa de Ko Phi Phi Le, converteuse nun dos destinos turísticos máis visitados de Tailandia desde que saltou á fama coa película "A Praia" no ano 2.000, protagonizada por Leonardo DiCaprio. A pequena praia sufriu un gran dano ambiental nos últimos anos ao recibir ata 5.000 turistas e 200 barcos ao día.

As autoridades tailandesas anunciaron o peche temporal da baía pero estenderon o tempo planeado a polo menos un ano debido ao nivel de destrución causado polos miles de viaxeiros diarios. A contaminación dos barcos, a crema solar e o lixo, destruíron aproximadamente o 80% da coral en Baía Maia.

Fonte: El Diario

### Os expertos da ONU urxen a tomar medidas drásticas contra o cambio climático

O IPCC advirte de que o quecemento é probable que leve a un aumento de 1,5 graos entre 2030 e 2052 si o mundo segue o ritmo actual de emisións de gases de efecto invernadoiro.

Para evitalo necesítase unha transición "sen precedentes" e cambios "rápidos" e de "gran alcance" na electricidade, a agricultura, as cidades, o transporte e a industria, apunta o informe. Si quérese cumprir a meta do 1,5 requírese unha diminución en 2030 do 45% das emisións de CO2 respecto ao nivel de 2010. En 2050, esas emisións deben desaparecer, algo realmente complicado.

Fonte: El País

## Case 500 persoas investigadas por malos tratos animais no 2018

Durante o primeiro semestre deste ano, 492 persoas foron xa detidas ou investigadas pola Garda Civil por delitos de malos tratos e abandono de animais, mentres que ao longo de todo 2017 ascenderon a 662.

O Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil levou a cabo durante os seis primeiros meses de 2018 un total de 27.567 actuacións relacionadas con animais, das que 605 foron por delitos de malos tratos e abandono animal polos que foron detidas ou investigadas 492 persoas. As 26.962 actuacións restantes foron por infraccións administrativas como os casos nos que os animais non contan cunhas condicións hixiénico-sanitarias adecuadas ou non están identificados como marca a normativa, entre outros.

Fonte: 20 minutos

## Esta botella de plástico flotou inalterable no mar durante 47 anos

Despois dunha tormenta con forte ondada, un equipo dos gardacostas de Burnham (Reino Unido) inspeccionou de forma rutineira o litoral e, entre moitos outros residuos, descubriu un envase dun produto deterxente doméstico que lles chamou a atención pois este tipo de envases deixou de comercializarse hai 47 anos.

A descomposición dos residuos plásticos na auga salgada pode prolongarse durante centos de anos, sen contar que os pequenos fragmentos de plástico seguirán na auga mesmo cando os envases dos que formaban parte xa non sexan identificables.

Fonte: La Vanguardia

## Reintroducción da foca monxe en España

O Ministerio para a Transición Ecolóxica presenta ao Cabildo de Forteventura e ao Gobierno de Canarias o estudo de viabilidade demográfica para a reintrodución da foca monxe en España. Os primeiros exemplares, chegados desde Cabo Branco (Mauritania), poderían ser liberados no Parque Natural de Jandía, na illa de Forteventura, no ano 2019.

A última colonia de focas monxe que habitou as costas españolas vivía nas praias do Cabo de Gata (Almería) nos anos 60. Só 10 anos máis tarde xa só quedaban cinco exemplares, que foron morrendo ata que o último deles desapareceu a principios dos 80.

Na idade media, a foca monxe era perseguida por dúas razóns: a súa pel e por ser unha ameaza para a pesca comercial. En España, perseguiuse á foca monxe na costa de Medina e Canarias porque os pescadores tiñan un conflito con elas xa que a vían como unha alimaña que ameazaba a súa práctica pesqueira

Fonte: El Mundo

## Sabías que...

en concellos como Ferrol e Santiago a proporción actual de mascotas é dun can por cada oito habitantes, mentres que na Coruña tocan a unha mascota por cada 14 persoas.

A finais de setembro había censados 20.136 cans na cidade da Coruña, 11.921 en Santiago e 8.536 en Ferrol.

# Boas Prácticas

## Os concellos de Monforte, Vilagarcía e Narón optimizan a súa reciclaxe

Os concellos galegos de Monforte, Vilagarcía e Narón recibiron o premio de 2.000€ concedido pola asociación Ecoembes por conseguir que se incrementase o uso dos colectores destinados a recoller plásticos, latas e recipientes de cartón un 10%. O galardón foi outorgado dentro dunha campaña denominada «Recicla, respira e supérache», na que participaron outras catorce localidades galegas.

Os premios concedidos serán doados a Cáritas Monforte, Cáritas Interparroquial de Arousa e ao Centro de Recursos Solidarios de Narón.

Fonte: La Voz de Galicia

## Os carballesees arrojan máis de 7.000 cabichas nas rúas



Os restos recolleitos nunha semana están expostos nunha urna e forman parte dunha campaña de concienciación para lograr condutas máis cívicas.

Fonte: La Voz de Galicia

## Cando reciclar ten recompensa: noite de hotel, cea gratis ou bonos descontos

A implicación cidadá é a gran aliada das políticas de reciclaxe e tamén a clave do seu éxito, e por iso as institucións exploran estratexias, como recompensar as accións solidarias con bonos en hoteis, restaurantes ou spa e descontos en tendas de moda. Así, co lema “reciclar ten premio”, son xa varios os municipios españois que se lanzaron a recompensar o compromiso cidadán, aínda que para iso as institucións necesitan da implicación directa dos comercios.

Fonte: 20 minutos

## Axenda Ambiental

- 12/10/2018 – 14/10/2018  
ECOCULTURA, Feira Hispanolusa de Produtos Ecolóxicos. Zamora
- Ata 14/10/2018 VI Concurso fotográfico de natureza de Tarifa
- 17/10/2018 – 20/10/2018 XVI Conferencia Internacional “EURO-RIOC 2018” para a implementación das Directivas Europeas da Auga

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)